

# LINGUA GALEGA. UNIDADE 9: UN BERCE DE POESÍA

## VOCABULARIO

Lúa, estrela, Sol, planeta, Vía Láctea, astronauta, nave e constelación.

**Constelación:** é un grupo de estrelas.

**Vía Láctea:** a galaxia onde está a Terra chámase Via Láctea.

**Fases da Lúa:** lúa nova, cuarto crecente cuarto minguante e lúa chea.

**Expresións:**

“**Ver as estrelas**”: sentir unha dor moi intensa e aguda.

“**Poñer polas estrelas**”: gabar ou eloxiar a alguén en exceso.

“**Nacer con boa estrela**”: ser afortunado.

“**Subirse ás estrelas**”: creerse superior aos demais.

## OS CAMPOS SEMÁNTICOS

As **palabras que teñen algún significado en común** forman un **campo semántico**.

**Exemplos** : Campo semántico de cores : azul, vermello , amarelo, verde, negro...

Campo semántico de froitas : pera , amorodo, uva , plátano, mazá...

Campo semántico de animais domésticos: galiña , gato , can, vaca, ovella...

Campo semántico de instrumentos: trompeta, tambor, violín, frauta, gaita...

## AS PALABRAS CON V

Lembra que o **b** e o **v** se pronuncian igual pero son letras distintas.

Tamén se escriben con **v** os adxectivos rematados en **-avo/-ava, -ave, -evo/-eva, -ivo/-iva e -ovo/-ova**.

Ex: bravo, suave, primitivo, grave, breve, festivo, neve, novo...

**As palabras que proceden dunha palabra con v tamén se escriben con v.**

**Algunhas palabras con v:** trevo, escaravello, valado (muro), ouveo, verza, ovella, corvo, garavanzos, vasoira (escoba), luvas (guantes), avespa...

## OS PRONOMES PERSOAIS

Os pronomes persoais: son as palabras que substitúen aos nomes ou **substantivos**. Serven para referirse a persoas , a animais ou cousas sen necesidade de nomealos.

EX: Tamara tivo unha boa idea. Ela tivo unha boa idea.

PRONOMES PERSOAIS		
SINGULAR		
PERSOAS	MASCULINO	FEMININO
PRIMEIRA	eu	
SEGUNDA	ti	
TERCEIRA	el	ela
PLURAL		
PERSOAS	MASCULINO	FEMININO
PRIMEIRA	nós	
SEGUNDA	vós	
TERCEIRA	eles	elas

As formas de respecto son **vostede e vostedes**, que pertencen á 2ª persoa, pero van co verbo en 3ª persoa.

## A SOLICITUDE

Unha solicitude é un escrito formal no que se pide algo a quen ten o poder de concedelo.

CPI OS CASAIS, VILAMONDA, 2 DE ABRIL.

Estimada Xefa de Estudos: Os alumnos e as alumnas de 4º estaríamos interesados en asistir á actividade “A noite do vampiro” no planetario da Casa das Ciencias da Coruña.

Trátase dun programa infantil no que o vampiro Von Siro farto de non poder ver as estrelas co ceo anubrado de Galicia, construiu un simulador para poder contemplar todas as constelacións sen problema.

Cremos que se trata dunha actividade divertida e educativa, polo que solicitamos que o centro ofrezca a posibilidade de realizar esa visita.

Esperamos a súa resposta.

Moitas grazas.

Os alumnos/as de 4º.

## AS CANTIGAS DE BERCE

As **cantigas de berce**, **arrolos** ou **anainas** son cancións relaxantes para facer durmir aos nenos. Nelas, as repeticións e as onomatopeas axudan a marcar o ritmo do abaneo.

## VOCABULARIO

**Berce:** cuna.

**Veludo:** tecido liso por un lado e cuberto polo outro de pelo suave, curto e mesto (espeso).

**Solpor:** hora en que o Sol se pon, e feito de ocultase este no horizonte.

**Aurora:** claridade que precede (que vai antes) á saída do Sol.

**Abalar:** mover, axitar, unha persoa ou cousa sen cambiala de lugar.

**Regazo:** colo.